ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027897	Paseo das Pontes	Coruña (A)	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CD1HOT001200	Aloxamento e lavandaría	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3159	Itinerario persoal para a empregabilidade básico	2024/2025	2	60	60
MP3159_12	Prevención de riscos laborais	2024/2025	2	30	30
MP3159_22	Autocoñecemento, orientación cara á vida adulta e empregabilidade	2024/2025	2	30	30

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA TRINIDAD TORREIRO ANTA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo IPE impártese no Ciclo de grao Básico de Aloxamento e lavandaría, pertence á familia profesional de hostalaría que se imparte no CIFP Paseo das Pontes.

O concello e a súa bisbarra están especialmente vinculados co sector da hostalaría, experimentando un constante crecemento e profesionalización. Por iso, é un ciclo que na súa impartición cóntase coa colaboración de empresas do sector coas que o centro ten relación moi fluída, de cara á realización da FCT.

Segundo a Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, na que se publica o currículo do módulo Itinerario persoal para a empregabilidade, a finalidade do mesmo é contribuír a que o alumnado coñeza as variables individuais que pode desenvolver ao longo da vida e que contribúen á mellora da súa empregabilidade.

Por outro lado, adquírense as competencias necesarias para se incorporar ao período de formación na empresa ou no organismo equiparado respectando a normativa de prevención de riscos laborais, e para o desempeño alí das funcións de nivel básico en PRL establecidas na normativa reguladora vixente.

Espérase que esta formación, situada na intersección entre a educación e o mundo laboral, facilite a inserción de xente nova e adulta no mercado de traballo, así como a súa progresión profesional.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten acadar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

¿ Uso de distintos métodos que favorezan no alumnado a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo, con perspectiva de xénero.

¿ Realización de proxectos significativos para o alumnado e resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

¿ Manexo de diferentes fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao perfil profesional do ciclo formativo cursado.

¿ Uso de estratexias para traballar transversalmente a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade e do espírito científico.

¿ Desenvolvemento dunha perspectiva teórico-práctica, suscitando o coñecemento de xeito gradual e iterativo.

¿ Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.

¿ Coñecemento da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita ao alumnado avaliar os principais riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo e as principais medidas de prevención.

¿ Afondamento do alumnado nos contidos e nas competencias de xeito que reforce a súa adquisición progresivamente e sexa quen de empregalos para elaborar os plans que forman o proxecto persoal, académico-profesional e de aproximación á procura activa de emprego.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprend	Resultados de aprendizaxe				
					315912	315922				
					RA 1	RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 5
1	COIDO A MIÑA SAÚDE NO TRABALLO		30	40	X					
2	EU SON	Realizar actividades de autocoñecemento que lle permitan orientarse a campos profesionais	7	14		X				
3	EU SON CAPAZ	Desenvolver habilidades sociais concretas que se demostraron fundamentais á hora de atopar un emprego e mantelo	8	16			X			
4	ESCOLLO O MEU ITINERARIO	Acceder á información dos posibles itinerarios académicos e/ou profesionais que teña ao seu alcance e escoller o seu	6	12		X		X	X	
5	BUSCO EMPREGO	Coñecer as estratexias de acceso ao mercado de traballo por conta allea e utiliza as ferramentas necesarias para o proceso de inserción laboral	9	18						X
		Total:	60							

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	COIDO A MIÑA SAÚDE NO TRABALLO	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido no Real decreto 39/1997	SI

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar a importancia da saúde no traballo e identificar os factores de risco e os danos derivados dos mesmos	1	A IMPORTANCIA DA SAÚDE NO MEU TRABALLO	8,0
2.1 Identificar as medidas de prevención e protección	2	MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN	6,0
3.1 Identificar os factores de risco en diferentes situacións reais de traballo	3	OS RISCOS LABORAIS	10,0
4.1 Identificar os dereitos e deberes laborais e as modalidades de xestión da prevención	4	A XESTIÓN DA PREVENCIÓN	3,0
5.1 Identificar e practicar as principais técnicas de primeiros auxilios	5	OS PRIMEIROS AUXILIOS	3,0
		TOTAL	**30**

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título			
CA1.1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título	• LC.1 - Actividade aula "A importancia da saúde no meu traballo" e "Os riscos laborais": Fichas 1,2,3,4,5,7,8 (páxs 8-18 Tulibrofp) e Fichas 1,2,3,4,6?,8?, 9,10,12,13 (páx.43-76 Tulibrofp)	S	18
CA1.1.2 Identificáronse e clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título	• PE.1 - Ficha 14 (páx.77 Tulibrofp)	S	8
CA1.2 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais	• LC.2 - Actividade aula "A importancia da saúde no meu traballo"	S	9
CA1.3 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais	• LC.3 - Actividade aula "A xestión da prevención"Ficha 3 (páxs 98 Tulibrofp)	S	5
CA1.4 Identificáronse as técnicas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias, con especial atención ao sector produtivo do ciclo formativo			
CA1.4.1 Identificáronse as técnicas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias, con especial atención ao sector produtivo do ciclo formativo	• LC.4 - Actividade aula "Medidas de prevención e protección". Ficha 1,2,3,8,4,5,6,8 (páx.24-40 Tulibrofp) e ficha sobre medidas de prevención e protección no centro.	S	13
CA1.4.2 Identificáronse as técnicas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias, con especial atención ao sector produtivo do ciclo formativo	• PE.2 - Ficha repaso sobre medidas de prevención e protección: Ficha 7 (páx.39 Tulibrofp)	S	8

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.5 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia	• LC.5 - Actividade aula: charla primeiros auxilios	N	2
CA1.6 Clasificáronse as formas de xestión da prevención e de participación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado, en relación coa prevención de riscos laborais	• LC.6 - Actividade aula "A xestión da prevención"	S	4
CA1.7 Identifícanse as primeiras intervencións para realizar en caso de emerxencias e primeiros auxilios, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios	• PE.3 - Ficha repaso primeiros auxilios: Ficha 2 (páx.116 Tulibrofp)	S	8
CA1.8 Identifícanse conceptos básicos de prevención	• PE.4 - Ficha repaso conceptos básicos: Ficha 10 (páx.19 Tulibrofp)	S	8
CA1.9 Identifícanse os dereitos e deberes e as modalidades da xestión da prevención	• PE.5 - Ficha repaso "A xestión da prevención" Ficha 4 (páx.104 Tulibrofp)	S	8
CA1.10 Practicáronse as principais técnicas de primeiros auxilios	• LC.7 - Actividade aula: charla primeiros auxilios	S	9
		TOTAL	**100**

4.1.e) Contidos

Contidos
Riscos ligados ás condicións de seguridade.
0Organización e xestión de prevención na empresa.
Plan de emerxencia e evacuación.
Riscos ligados ás condicións psicosociais.
Representación das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos na empresa ou organismo equiparado.
Danos derivados do traballo. Accidentes de traballo e doenzas profesionais. Outras patoloxías derivadas do traballo.
Riscos ligados ao ambiente de traballo.
Traballo e saúde: riscos profesionais. Factores de risco. Condicións de traballo.
Dereitos e deberes básicos en materia de prevención de riscos laborais.
Riscos ligados ás condicións ergonómicas.
Principais medidas de prevención e protección.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A IMPORTANCIA DA SAÚDE NO MEU TRABALLO - A importancia da saúde no traballo e a relación que ten cos factores de risco	• Explicación	• Traballar en fichas: concepto de saúde, prevención, risco e dano, condicións de traballo. Fichas 1,2,3,4,5,6,7,8 (páxs. 8-18 Tulibrofp) • Realizar ficha de repaso Ficha 10 (páx.19 Tulibrofp)	• Traballar conceptos de saúde, prevención, risco e dano, condicións de traballo	• Aula virtual. Internet. Manual "Tulibrodefp".	• LC.1 - Actividade aula "A importancia da saúde no meu traballo" e "Os riscos laborais": Fichas 1,2,3,4,5,7,8 (páxs 8-18 Tulibrofp) e Fichas 1,2,3,4,6?,8?, 9,10,12,13 (páx.43-76 Tulibrofp) • LC.2 - Actividade aula "A importancia da saúde no meu traballo" • PE.4 - Ficha repaso conceptos básicos: Ficha 10 (páx.19 Tulibrofp)	8,0
MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN - Identificación de como se pode eliminar ou diminuir riscos e protexer ao traballador	• Explicación	• Traballar en fichas as medidas de prevención e protección: Fichas 1, 2,3,4,, 5,6,8 (páx.24-40 Tulibrofp) • Identificar as medidas de prevención e protección existentes no centro • Realizar ficha repaso: Ficha 7 (páx.39 Tulibrofp)	• Traballar as medidas de prevención e protección	• Aula virtual. Internet. Manual "Tulibrodefp".	• LC.4 - Actividade aula "Medidas de prevención e protección". Ficha 1,2,3,8,4,5,6,8 (páx.24-40 Tulibrofp) e ficha sobre medidas de prevención e protección no centro. • PE.2 - Ficha repaso sobre medidas de prevención e protección: Ficha 7 (páx. 39 Tulibrofp)	6,0
OS RISCOS LABORAIS - Os riscos para a saúde do traballador dentro da empresa	• Explicación	• Traballar en fichas os riscos e danos profesionais: Fichas 1,2,3,4,6?,8?, 9,10,12,13 (páx.43-76 Tulibrofp) • Realizar ficha de repaso: Ficha 14 (páx.77 Tulibrofp)	• Traballar os riscos e danos profesionais	• Aula virtual. Internet. Manual "Tulibrodefp".	• LC.1 - Actividade aula "A importancia da saúde no meu traballo" e "Os riscos laborais": Fichas 1,2,3,4,5,7,8 (páxs 8-18 Tulibrofp) e Fichas 1,2,3,4,6?,8?, 9,10,12,13 (páx.43-76 Tulibrofp) • LC.2 - Actividade aula "A importancia da saúde no meu traballo" • PE.1 - Ficha 14 (páx.77 Tulibrofp)	10,0
A XESTIÓN DA PREVENCIÓN - Aspectos da organización da prevención na empresa	• Explicación	• Traballar en fichas os dereitos e obrigas en materia de saúde laboral e as modalidades de organizala prevención nunha empresa: Ficha 3 (páxs 98 Tulibrofp) • Realizar ficha repaso: Ficha 4 (páx.104 Tulibrofp)	• Traballar os riscos e danos profesionais	• Aula virtual. Internet. Manual "Tulibrodefp".	• LC.3 - Actividade aula "A xestión da prevención"Ficha 3 (páxs 98 Tulibrofp) • LC.6 - Actividade aula "A xestión da prevención" • PE.5 - Ficha repaso "A xestión da prevención" Ficha 4 (páx.104 Tulibrofp)	3,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
OS PRIMEIROS AUXILIOS - Medidas urxentes que se aplican ás víctimas de accidentes ou enfermidades repentinas ata dispor do tratamento especializado	• Organizar a charla de Primeiros Auxilios	• Asistencia á charla de Primeiros Auxilios • Realizar ficha de repaso: Ficha 2 (páx.116 Tulibrofp)	• Coñecer as técnicas básicas de primeiros auxilios	• Charla de Protección Civil. Manual "Tulibrodefp".	• LC.5 - Actividade aula: charla primeiros auxilios • LC.7 - Actividade aula: charla primeiros auxilios • PE.3 - Ficha repaso primeiros auxilios: Ficha 2 (páx.116 Tulibrofp)	3,0
					TOTAL	**30,0**

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	EU SON	7

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve actividades de autocoñecemento que lle permitan orientarse a campos profesionais motivadores nos que poida despregar todas as súas capacidades	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Presentación do grupo e do módulo	1	PRESENTACIÓN	2,0
2.1 Reflexionar sobre a personalidade de cadaquén	2	O MEU PUZZLE	2,0
3.1 Animar ao alumnado a visualizar os seus soños e aspiracións dunha forma creativa e tanxible, fomentando a motivación e a claridade nos seus obxectivos vitais.	3	COLLAGE DOS MEUS SOÑOS	1,0
4.1 Identificar e reflexionar sobre as fortalezas e debilidades de cada un respecto as calidades desexables para traballar	4	O MEU DAFO PERSOAL	1,0
5.1 Aprender a ser xeneroso ao eloxiar e cauteloso ao criticar	5	CULTIVANDO A NOSA AUTOESTIMA	1,0

TOTAL	**7**

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autocoñecemento	• PE.1 - Actividade aula: Ficha 1 e 2 páx. 113 e 114 Tulibrofp.O meu puzzle	S	24
CA1.2 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego	• PE.2 - Actividade aula "O meu DAFO": Ficha 3 (páx.120 Tulibrofp)	S	24
CA1.3 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego	• PE.3 - Actividade aula "Cultivando a nosa autoestima. "Actividade práctica 2 (páx. 122 Tulibrofp)	N	4
CA1.4 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional, así como as estratexias para lles sacar o maior proveito	• PE.4 - Actividade aula: O meu DAFO: Ficha 3 (páx.120 Tulibrofp)	S	24
CA1.5 Identificáronse expectativas de futuro para a inserción profesional, analizando competencias, intereses e destrezas persoais.	• PE.5 - Actividade aula "Collage dos meus soños"	S	24
	TOTAL		**100**

4.2.e) Contidos

Contidos
Identificación de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.
Análise e avaliación do potencial profesional. DAFO persoal.
Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.
Pegada e reputación dixital. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional.
Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.

Contidos
Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.
Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
PRESENTACIÓN - Presentación do grupo e do módulo					• PE.2 - Actividade aula "O meu DAFO": Ficha 3 (páx.120 Tulibrofp)	2,0
O MEU PUZZLE - Axudar ao alumnado a explorar e recoñecer as diferentes facetas da súa personalidade e como estas combínanse para formar a súa identidade única.	• Explicación da dinámica	• Realizar Fichas 1 e 2 páx. 113 e 114 Tulibrofp • Recortar pezas do puzzle; cada un representa unha faceta diferente da personalidade ou vida do alumno.	• Puzzle de reflexión sobre a personalidade e vida do alumno/a.	• Aula virtual. Internet. Papel e cores	• PE.1 - Actividade aula: Ficha 1 e 2 páx. 113 e 114 Tulibrofp.O meu puzzle	2,0
COLLAGE DOS MEUS SOÑOS - Realizar un collage cos seus soños e aspiracións	• Explicación da dinámica	• Recoller revistas, fotos, citas e calquera outro material que resoe coas aspiracións de cada alumno/a. Cortar e pegar estes elementos nun taboleiro ou folla grande, creando un collage que represente os seus soños e obxectivos	• Collage para reflexionar sobre os soños e aspiracions do alumnado dunha maneira creativa e tanxible	• Revistas, fotos, pegamento, internet, papel, cores	• PE.5 - Actividade aula "Collage dos meus soños"	1,0
O MEU DAFO PERSOAL - Realizar un DAFO coas fortalezas e debilidades de cada un respecto as calidades desexables para traballar	• Explicación	• Analizar os aspectos máis recomendables que debe ter unha persoa para conseguir e manter un posto de traballo. Ficha 3 (páx.120 Tulibrofp) Tendo en contas eses aspectos, identificar cada un as súas fortalezas e debilidades	• DAFO de debilidades e fortalezas a partires de competencias, intereses e destrezas persoais	• Caderno persoal. Ficha 3 (páx.120 Tulibrofp)	• PE.4 - Actividade aula: O meu DAFO: Ficha 3 (páx.120 Tulibrofp)	1,0
CULTIVANDO A NOSA AUTOESTIMA - Facer recoñecementos sobre actitudes						1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
positivas dos compañeiros	• Explicación. Darlle a cada alumno/a unha botella cun adhesivo.	• Decorar o adhesivo co seu nome. Encher cada un dos botes dos seus compañeiro/as cunha nota de algo positivo sobre a persoa. Actividade práctica 2 (páx.122 Tulibrofp)	• Botella persoal con recoñecemento de valores e actitudes positivas de cada un, de cara a aumentar a súa autoestima	• Botellas, adhesivo, papel e cores. Actividade práctica 2 (páx.122 Tulibrofp)	• PE.3 - Actividade aula "Cultivando a nosa autoestima. "Actividade práctica 2 (páx.122 Tulibrofp)	
					TOTAL	7,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	EU SON CAPAZ	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Desenvolve habilidades sociais concretas que se demostraron como fundamentais á hora de atopar un emprego e mantelo	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar a importancia das competencias persoais e sociais na empregabi lidade.	1	AS MIÑAS COMPETENCIAS PERSOAIS E SOCIAIS	1,0
2.1 Aplicar estratexias para canalizar as emocións de xeito asertivo nas relacións con outras persoas, diferenciándoas de condutas agresivas e/ou pasivas.	2	TRABALLO AS EMOCIÓNS	2,0
3.1 Pór en práctica técnicas de presentación orais e escritas para unha comunicación efectiva e afectiva, e valorouse a súa importancia como recurso persoal para a empregabilidade.	3	TRABALLO A COMUNICACIÓN	1,0
4.1 Identificar os beneficios do traballo en equipo, así como as diferentes formas de levalo a cabo.	4	TRABALLO EN EQUIPO	2,0
5.1 Practicar a reacción de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, e facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional.	5	TRABALLO A NEGOCIACIÓN	2,0

TOTAL	**8**

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Valorouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade	• PE.1 - Ficha 9.1, páxina 134 Tulibrodefp	N	4
CA2.2 Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións de xeito asertivo nas relacións con outras persoas, diferenciándoas de condutas agresivas e/ou pasivas	• PE.2 - Prato das emocións	S	24
CA2.3 Puxéronse en práctica técnicas de presentación orais e escritas para unha comunicación efectiva e afectiva, e valorouse a súa importancia como recurso persoal para a empregabilidade	• PE.3 - Realizar o test en 5 minutos	S	24
CA2.4 Identificáronse os beneficios do traballo en equipo, así como as diferentes formas de levalo a cabo	• PE.4 - Dinámicas equipo: Actividade práctica 3 Tulibrofp e Ficha 6 Tulibrofp	S	24
CA2.5 Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, e facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional	• PE.5 - Actividade aula negociación	S	24
	TOTAL		**100**

4.3.e) Contidos

Contidos
Estratexias para superar as eivas de comunicación.
Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.
Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.
Habilidades de organización e xestión.
Habilidades sociais e habilidades de comunicación.
Ferramentas dixitais na interacción coas demais persoas. Networking.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
AS MIÑAS COMPETENCIAS PERSOAIS E SOCIAIS - Competencias persoais e sociais na empregabilidade.	• Reflexión competencias persoais e sociais	• Ficha 9.1, páxina 134 Tulibrodefp	• Reflexión competencias persoais e sociais	• Tulibrodefp	• PE.1 - Ficha 9.1, páxina 134 Tulibrodefp	1,0
TRABALLO AS EMOCIÓNS - Estratexias para canalizar as emocións de xeito asertivo nas relacións con outras persoas, diferenciándoas de condutas agresivas e/ou pasivas.		• Visualización e análise da película Inside Out • Prato dos niveis emocionais	• Análise das principais emocións	• Película Inside Out. Internet	• PE.2 - Prato das emocións	2,0
TRABALLO A COMUNICACIÓN - Técnicas de presentación orais e escritas para unha comunicación efectiva e afectiva, e valorouse a súa importancia como recurso persoal para a empregabilidade.	• Dirixir as dinámicas "O teléfono estropeado" e "O test a realizar en 5 minutos"	• Entregar unha mensaxe principal ao grupo e comunicarllo a cada un dos membros do equipo, intentando manter a mensaxe orixinal sen modificalo e que chegue á última persoa do mesmo xeito no que foi entregado inicialmente. • Realizar o test en 5 minutos	• Resaltar a importancia dunha boa comprensión ante a comunicación escrita • Poñer en practicar a escoita activa entre os membros do equipo.	• Dinámicas "O teléfono estropeado" e "O test a realizar en 5 minutos"	• PE.3 - Realizar o test en 5 minutos	1,0
TRABALLO EN EQUIPO - Identificar os beneficios do traballo en equipo, así como as diferentes formas de levalo a cabo.	• Comeza a ler o conto "A fábula do ourizo". Páxina 123 Tulibrofp Explica o que significa traballar en equipo. Explica as dinámicas Consellos para optimizar os resultados (pódense facer nun mural). Explica os papeis dos membros do equipo. Para terminar, visualizar	• Facer a dinámica "Constrúe unha torre, crea un equipo". Actividade práctica 3 Tulibrofp Consellos para optimizar os resultados (pódense facer nun mural). Facer "A gran carreira" dinámica. Ficha 6 Tulibrofp	• Reflexionar e traballar sobre os equipos de traballo	• Internet. Manual "Tulibrodefp".	• PE.4 - Dinámicas equipo: Actividade práctica 3 Tulibrofp e Ficha 6 Tulibrofp	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	video ¿Asamblea en la carpintería¿: https://www.youtube.com/watch?v=RhMzs15UpQI					
TRABALLO A NEGOCIACIÓN - Traballar sobre resolución de conflitos e negociación	• Dirixir as dinámicas	• Realizar ficha 8 da páxina 132 de Tulibrofp • Levar a cabo unha simulación dunha situación de conflicto nunha empresa a causa da falla de acordo na negociación do convenio colectivo.	• Ter experiencias de negociación e contemplar este método como un máis para resolver conflitos.	• ulibrofp. https://abalarbox.edu.xunta.gal/index.php/apps/files/?dir=/Documents/IPE/Din%C3%A1micas_me%20conozco/Autoconocimiento%20profesional/SOFT%20SKILLS&fileid=6442823	• PE.5 - Actividade aula negociación	2,0
					TOTAL	**8,0**

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	ESCOLLO O MEU ITINERARIO	6

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve actividades de autocoñecemento que lle permitan orientarse a campos profesionais motivadores nos que poida despregar todas as súas capacidades	NO
RA3 - Accede á información dos posibles itinerarios académicos e/ou profesionais que teña ao seu alcance a través da investigación e a reflexión libre de estereotipos vocacionais	SI
RA4 - Pon en marcha un itinerario propio analizando as opcións educativas e profesionais, valorando as vantaxes e os inconvenientes de cada unha delas e examinando as que mellor se axusten ás súas posibilidades e ás súas preferencias	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o entorno sociolaboral actual 1.2 Analizar a formación permanente	1	BUSCO INFORMACION SOBRE ITINERARIOS ACADEMICOS E PROFESIONAIS	4,0
2.1 Escoller o itinerario académico-profesional persoal a partires da reflexión	2	ELIXO O MEU ITINERARIO	2,0
		TOTAL	**6**

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.4 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional, así como as estratexias para lles sacar o maior proveito	• PE.1 - Actividade Elixo itinerario: Ficha 1 de Tulibrofp (páx.138)	S	16
CA1.5 Identificáronse expectativas de futuro para a inserción profesional, analizando competencias, intereses e destrezas persoais.	• PE.2 - Actividade Elixo itinerario: Ficha 1 de Tulibrofp (páx.138)	S	16
CA3.1 Determinouse a realidade da contorna sociolaboral actual	• PE.3 - Actividade Busco información: Ficha 2 de Tulibrofp (páx.141)	S	16
CA3.2 Identificáronse os itinerarios académicos e profesionais afíns aos seus intereses e valoráronse as opcións que mellor se axusten aos seus perfís profesionais e ás súas preferencias	• PE.4 - Actividade Busco información: Ficha 9.2 de Tulibrofp (páx.134)	S	16
CA3.3 Valorouse a importancia da formación permanente como factor clave para o emprego e a adaptación ao cambio	• PE.5 - Actividade Busco información: Ficha 3 de Tulibrofp (páx.141)	N	2
CA4.1 Valoráronse as vantaxes e os inconvenientes de cada unha das opcións posibles	• PE.6 - Actividade Busco información: Fichas 9.2 (páx.134) e Fichas 2 e 3 de Tulibrofp (páx.141)	N	2
CA4.2 Analizáronse e seleccionáronse as opcións que máis se axusten aos seus perfís profesionais	• PE.7 - Actividade Elixo itinerario: Ficha 1 de Tulibrofp (páx.138)	S	16
CA4.3 Realizouse un proceso de toma de decisións identificando o itinerario académico e profesional persoal, a partir das súas preferencias profesionais, dos seus intereses e das súas metas, no marco dun proxecto profesional	• PE.8 - Actividade Elixo itinerario: Ficha 1 de Tulibrofp (páx.138)	S	16
		TOTAL	**100**

4.4.e) Contidos

Contidos
Análise e avaliación do potencial profesional. DAFO persoal.
Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.
Retos da revolución dixital.
0Servizos de orientación profesional. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades.
Formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.
Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.
Información xeral sobre sectores económicos e produtivos.
Emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento.
Itinerarios académico-profesionais: información sobre traxectorias académico-profesionais na lexislación vixente.
Información sobre a estrutura do sistema educativo.
Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.
Transición á vida activa.
Aspiracións e metas: definición do obxectivo que se queira conseguir.
Definición e análise do sector profesional. O teu título: sector produtivo, ocupacións e postos de traballo.
Avaliación das alternativas e da decisión tomada.
Organización dunha conduta decisoria: que quero facer, que podo facer, onde o podo facer.
Identificación de itinerarios formativos relacionados.
Análise dos intereses, as aptitudes e as motivacións persoais para a carreira profesional.
Fontes de información.
Toma de decisións na orientación académica e profesional.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
BUSCO INFORMACION SOBRE ITINERARIOS ACADEMICOS E PROFESIONAIS - Investigar sobre o entorno sociolaboral e a fiormación permanente		• Investigar sobre os ciclos: Fichas 9.2 de Tulibrofp (páx.134) • Investigar sobre o entorno sociolaboral actual: Ficha 2 de Tulibrofp (páx.141) • Valorar a formación permanente: Ficha 3 de Tulibrofp (páx.141)	• Coñecer os diferentes itinerarios académicos e profesionais	• Internet. Manual "Tulibrodefp".	• PE.3 - Actividade Busco información: Ficha 2 de Tulibrofp (páx.141) • PE.4 - Actividade Busco información: Ficha 9.2 de Tulibrofp (páx.134) • PE.5 - Actividade Busco información: Ficha 3 de Tulibrofp (páx.141)	4,0
ELIXO O MEU ITINERARIO - A través dun DAFO cada alumno/a escolle o seu itinerario académico-profesional persoal		• Realizar DAFO+CAME . Páx.138 Tulibrodefp	• DAFO+CAME persoal	• Manual "Tulibrodefp".	• PE.1 - Actividade Elixo itinerario: Ficha 1 de Tulibrofp (páx.138) • PE.2 - Actividade Elixo itinerario: Ficha 1 de Tulibrofp (páx.138) • PE.6 - Actividade Busco información: Fichas 9.2 (páx.134) e Fichas 2 e 3 de Tulibrofp (páx.141) • PE.7 - Actividade Elixo itinerario: Ficha 1 de Tulibrofp (páx.138) • PE.8 - Actividade Elixo itinerario: Ficha 1 de Tulibrofp (páx.138)	2,0
					TOTAL	**6,0**

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	BUSCO EMPREGO	9

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Coñece as estratexias de acceso ao mercado de traballo por conta allea e utiliza as ferramentas necesarias para o proceso de inserción laboral	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar a procura de emprego como un proceso 1.2 Identificar as fontes de información de acceso ao emprego.	1	ONDE BUSCO TRABALLO	3,0
2.1 Analizar e pór en práctica as técnicas e ferramentas utilizadas para a procura de emprego por conta allea.	2	COMO ACCEDO AO MERCADO LABORAL	6,0
		TOTAL	**9**

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Analizouse a procura de emprego como un proceso	• PE.1 - Actividades prácticas 1, 3, 4, 5, 6, 7, 10: páxs. 142 a 147 Tulibrofp	N	2
CA5.2 Identificáronse as fontes de información de acceso ao emprego	• PE.2 - Actividades prácticas 1, 3, 4, 5, 6, 7, 10: páxs. 142 a 147 Tulibrofp	S	48
CA5.3 Analizáronse as técnicas utilizadas para a procura de emprego por conta allea	• PE.3 - Actividades prácticas 8 e 9: páxs. 148 e 155 Tulibrofp	S	25
CA5.4 Puxéronse en práctica as ferramentas que permitan unha procura de emprego óptima	• PE.4 - Actividades prácticas 8 e 9: páxs. 148 e 155 Tulibrofp	S	25
		TOTAL	**100**

4.5.e) Contidos

Contidos
Traballo por conta allea e por conta propia.

Contidos
Información sobre a elaboración e a presentación da carta de presentación e do currículo persoal: tipos e contido.
Oferta de traballo. Selección de ofertas e perfil da persoa candidata.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.
Fontes de procura de emprego. Información xeral para a procura activa de emprego e de alternativas.
Ferramentas dixitais no proceso de procura de emprego.
Entrevista de traballo.
Traballo na Administración pública.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
ONDE BUSCO TRABALLO - Fontes de información na procura de emprego		• Realizar as actividades prácticas 1, 3, 4, 5, 6, 7, 10 (páxs. 142 a 147) do Tulibrofp	• Información xeral para a procura activa de emprego e de alternativas.	• Aula virtual. Internet. Manual "Tulibrodefp".	• PE.1 - Actividades prácticas 1, 3, 4, 5, 6, 7, 10: páxs. 142 a 147 Tulibrofp • PE.2 - Actividades prácticas 1, 3, 4, 5, 6, 7, 10: páxs. 142 a 147 Tulibrofp	3,0
COMO ACCEDO AO MERCADO LABORAL - Técnicas e ferramentas utilizadas para a procura de emprego.		• Realizar as actividades prácticas 8 e 9 das páxs.148 e 155 do manual Tulibrofp	• Analizar e pór en práctica as técnicas utilizadas para a procura de emprego por conta allea	• Aula virtual. Internet. Manual "Tulibrodefp".	• PE.3 - Actividades prácticas 8 e 9: páxs. 148 e 155 Tulibrofp • PE.4 - Actividades prácticas 8 e 9: páxs. 148 e 155 Tulibrofp	6,0
					TOTAL	**9,0**

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O módulo consta de seis resultados de aprendizaxe (RA) que terán o seguinte peso:

UF 1: Prevención de riscos laborais.

RA1: 40%

UF 2: Autocoñecemento, orientación cara á vida adulta e empregabililidade

RA1: 16%

RA2: 16%

RA3: 5%

RA4: 5%

RA5: 18%

CRITERIOS MINIMOS EXIXIBLES

¿ CA1.1. Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo do sector profesional relacionado co título.

¿ CA1.2. Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

¿ CA1.3. Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais.

¿ CA1.4. Identificáronse as técnicas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias, con especial atención ao sector produtivo do ciclo formativo.

¿ CA1.6. Clasificáronse as formas de xestión da prevención e de participación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado, en relación coa prevención de riscos laborais.

¿ CA1.7. Identifícanse as primeiras intervencións para realizar en caso de emerxencias e primeiros auxilios, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios.

¿ CA2.1. Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autocoñecemento.

¿ CA2.2. Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego.

¿ CA2.4. Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional, así como as estratexias para lles sacar o maior proveito.

¿ CA2.5. Identificáronse expectativas de futuro para a inserción profesional, analizando competencias, intereses e destrezas persoais.

¿ CA3.2. Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións de xeito asertivo nas relacións con outras persoas, diferenciándoas de condutas agresivas e/ou pasivas.

¿ CA3.3. Puxéronse en práctica técnicas de presentación orais e escritas para unha comunicación efectiva e afectiva, e valorouse a súa importancia como recurso persoal para a empregabilidade.

¿ CA3.4. Identificáronse os beneficios do traballo en equipo, así como as diferentes formas de levalo a cabo.

¿ CA3.5. Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, e facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia

emocional.
¿ CA4.1. Determinouse a realidade do contorno sociolaboral actual.
¿ CA4.2. Identificáronse os itinerarios académicos e profesionais afíns aos seus intereses e valoráronse as opcións que mellor se axusten aos seus perfís profesionais e ás súas preferencias.
¿ CA5.2. Analizáronse e seleccionáronse as opcións que máis se axusten aos seus perfís profesionais.
¿ CA5.3. Realizouse un proceso de toma de decisións identificando o itinerario académico e profesional persoal, a partir das súas preferencias profesionais, dos seus intereses e das súas metas, no marco dun proxecto profesional.
¿ CA6.2. Identificáronse as fontes de información de acceso ao emprego.
¿ CA6.3. Analizáronse as técnicas utilizadas para a procura de emprego por conta allea.
¿ CA6.4. Puxéronse en práctica as ferramentas que permitan unha procura de emprego óptima.

Establécese como libro recomendado polo departamento o de IPE Básica da editorial TulibrodeFP.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:
A avaliación do alumnado levarase a cabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza xefatura de estudos
A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10
Para aprobar o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5. En ningún caso o feito de aprobar calquera das avaliacións parciais suporá o aprobado das demais, dado que estas teñen carácter eliminatorio. Se se obteñen decimais en calquera das avaliacións, se redondeará do seguinte xeito: se o decimal é igual ou superior a 5, incrementarase ata o enteiro superior máis próximo, agás nos casos nos que non se chegue ao 5. As notas publicadas nos boletíns cada trimestre teñen unha lectura diferente: a da1ª e a da 2ª é parcial, pero a nota da 3ª coincidirá coa nota final, agás nos casos en que haxa algunha avaliación suspensa que terá que ir suspensa.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN POR UNIDADES FORMATIVAS
UF 1: "Prevención de riscos laborais".
O 40% da nota corresponde co traballo feito na clase a partires das actividades propostas; avaliarase por lista de cotexo. O 60% restante será das fichas de repaso propostas; avaliarase por proba escrita.
UF2: "Autocoñecemento, orientación cara á vida adulta e empregabilidade".
Avaliarase a 100% de cada unha das actividades a través de proba escrita.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que houbera alumnado que teña que recuperar este módulo na terceira avaliación, terá que facer e entregar as actividades propostas debidamente cumprimentadas, coa finalidade de que poida acadar os coñecementos e os procedementos mínimos esixibles establecidos nesta programación.
Para aprobar o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5.
A data da entrega das actividades poderase segmentar en diferentes días se a profesora o considera oportuno, para maior beneficio do alumnado.
As probas de recuperación final do módulo realizaranse despois da terceira avaliación e antes da avaliación final de xuño. As partes non superadas, así como o tipo de instrumento de avaliación, serán determinadas no informe individualizado do alumno/a.
Realizarase a recuperación da primeira avaliación no 2º trimestre.
Realizarase a recuperación da segunda avaliación no 3º trimestre.
Realizarase a recuperación da primeira, segunda e terceira avaliación no periodo de recuperación final de xuño.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non procede na FP Básica.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no grupo, celebraremos, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións. Para facer este seguimento utilizarase o modelo establecido polo sistema de xestión da calidade implantado no centro, no que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do por qué destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma. Este documento sevirá de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.
A práctica docente avaliarase a través das enquisas do sistema de calidade.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O procedemento para a realización da avaliación inicial consistirá nun cuestionario, a contestar polo alumno, no que se plasme o seu interese, así como os seus coñecementos sobre os principais conceptos da materia que se vai impartir no módulo ao longo do curso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A profesora se observara dificultades ou atrancos nalgún alumno/a, tomará as medidas necesarias para intentar resolvelas dacordo co departamento de Orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

PROGRAMACIÓN EN VALORES

Atendendo aos obxectivos anuais que desenvolve o Plan funcional do centro, os valores que se traballarán serán:

Fomentar o uso da lingua galega

Promover a igualdade de xénero en todas as accións levadas a cabo no módulo

Identificar aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas

Fomentar o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando a comunicación

Resaltar a importancia do benestar físico, psíquico, social e ambiental

Fomentar a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando posibles prexuízos, recoñecendo e valorando críticamente as diferencias de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenza e outras características individuais

Concienciar ao alumnado da necesidade dun desenvolvemento sostible e dun consumo responsable e baseado na redución, reciclaxe e reutilización.

Desenvolver un espíritu crítico, analizando a información obtida a través dos medios audiovisuais, intentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ao consumo e os mecanismos do mercado

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Levaranse a cabo as actividades complementarias organizadas ao longo do curso tanto polo Departamento de FOL, así coma calquer iniciativa proposta por outros Departamentos. A profesora poderá subir ao alumnado que acceda a participar nalgunha actividade complementaria ata 0,5 puntos na nota do trimestre.